martes, 15 de Outubro de 2019

CIRCULAR Nº08

RAFTING + COMIDA

O próximo **venres 1 de novembro** preparádevos para gozar dunha mañá de aventura acuática.

Poderemos admirar as marabillosas paisaxes do río Miño e aproveitar a temperatura cálida da auga do río. A actividade controlarana en todo momento os monitores expertos de "**Paralelozero**".

Unha vez rematado o descenso do rio Miño teremos dispoñibles vestiarios para darnos unha ducha de auga quente. De **volta a Vigo espéranos unha comida para repoñer forzas**.

PREZOS	**RAFTING+COMIDA**	**RAFTING**	**COMIDA**
- *SOCIO*	**25€**	**10€**	**BALDE**
- *NON SOCIO*	**45€**	**30€**	**15€**

¡APÚNTATE XA! mandando un correo a *arviasociacion@gmail.com* con *"RAFTING"* como asunto e no corpo:

- Nome completo
- Actividades que asistes (rafting+comida, so rafting ou so comida)

O día límite para anotarse é o XOVES 24 de OUTUBRO ás 23:59h. Aos que se anoten máis tarde non se lles poderá garantir a asistencia.

Durante a actividade realizaranse fotos para subir tanto ás redes sociais como á web (www.ar-vi.es), quen non desexe saír nas fotos pode informar a calquera membro da Xunta Directiva.

TODO SOCIO CUN CARGO PENDENTE NON PODERÁ PARTICIPAR NA ACTIVIDADE